
DOCUMENTOS DE TRABALLO

OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

Web

consellodacultura.gal

Twitter:

[@consellocultura](https://twitter.com/consellocultura)

Facebook:

facebook.com/consellocultura

Correo:

medios@consellodacultura.gal

Telf:

+34 981 95 72 02



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

29/09/2015

As TIC, redes e cultura

O seguinte documento de traballo analiza os principais indicadores relacionados coa sociedade da información, así como a evolución das tecnoloxías da información e a comunicación en Galicia. O estudo efectúase mediante un dobre enfoque. Por unha banda, preséntanse resultados que permiten coñecer o grao de equipamento de produtos TIC (televisión, telefonía fixa e móbil ou equipamento informático) nos fogares galegos e o nivel do uso do ordenador, de Internet ou do comercio electrónico. Nalgúns casos, establécense comparativas de evolución temporal e tamén con outras comunidades autónomas e co total do Estado. Esta información elabórase a partir da Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares, realizada anualmente polo Instituto Nacional de Estadística.

Por outra, e a través da enquisa feita pola Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación (AIMC), o informe aborda cuestións relacionadas co perfil do internauta galego e a evolución dos seus hábitos na utilización de Internet. O manexo das redes sociais, as páxinas web máis visitadas, o acceso, a creación de blogs ou, mesmo, as actividades máis frecuentes realizadas a través de Internet, entre outros aspectos, forman parte deste estudo, procedendo nalgúns casos a comparativas co comportamento doutros usuarios de Internet provenientes do resto das comunidades autónomas ou do total de España.

Equipamento e uso das tecnoloxías da información e comunicación nos fogares

Un 72,6% dos fogares galegos contan con algún tipo de ordenador. Practicamente, a totalidade das vivendas en Galicia dispoñen de televisión (un 99,3%), mentres a radio rexistra un 77,3% de usuarios; noutras palabras, baixa uns 3 puntos. O lector de libros electrónicos é un equipamento en alza, cun incremento do 70% de fogares galegos que dispoñen dun respecto ao ano anterior. O 20% das vivendas do estado e o 16,5% das galegas galega posúe este dispositivo. No conxunto estatal as comunidades que destacan polo uso do libro electrónico son Madrid e País Vasco, cunha porcentaxe de vivendas nas que existe este equipamento do 33,1% e 27,5%, respectivamente.

Equipamento de produtos TIC nas vivendas principais por tipo de equipamento en 2014

	2013		2014	
	Galicia	España	Galicia	España
Televisión	99,7	99,4	99,3	99,2
Teléfono móbil	95	96,1	95,4	96,4
Teléfono fixo	79,1	77,9	79,2	78,2
Radio	80,2	76,7	77,3	75,5
Ordenador (calquera tipo: incluídos netbooks, tablets, de man, etc.)	72,6	74,8
DVD	52,5	55,4	64	67,1
Cadea musical ou equipo de alta fidelidade	65,7	70,3	51,3	53,8
MP3 ou MP4	40,2	43,5	41	43,2
Vídeo	42,3	39,8	36,4	36,4
Lector de libros electrónicos (e-book)	9,7	14,4	16,5	20

Fonte: INE. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

O uso das TIC presenta unha evolución positiva nos últimos anos. Constátase a medranza, tanto no uso do ordenador coma de Internet, no conxunto de España e de Galicia. Así mesmo, destaca o aumento da utilización do comercio electrónico. Na seguinte táboa pódense observar os datos das TIC en Galicia e España.


**Persoas por tipo de uso das TIC nos últimos 3 meses. Comparativa España-Galicia.
Serie temporal 2011-2014**

	2011		2012		2013		2014	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Utilizaron o ordenador	68,7	61,5	72,0	66,1	72,1	66,7	73,3	68,4
Utilizaron Internet	66,5	58,0	69,5	63,5	71,6	65,6	76,2	69,3
Compraron a través de Internet	18,6	17,4	21,7	21,3	22,9	21,3	27,5	25,9

Fonte: INE. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

O 72,6% dos fogares galegos dispoñen dalgún tipo de ordenador, isto é, 2,2 puntos porcentuais menos que no conxunto de España, aínda que se mantén unha evolución positiva. A conexión a Internet, un 69,6%, tamén é algo inferior ao do conxunto do Estado, que se sitúa nun 74,4%. Con todo, como se pode visualizar na gráfica que vai a continuación, en 2014 o crecemento en Galicia dos equipamentos TIC foi de 5 puntos porcentuais respecto ao ano 2013.



Evolución do equipamento TIC nos fogares por tipo de equipamento. Comparativa España-Galicia. Serie temporal 2010-2014

Fonte: INE. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

Dos fogares que se conectan a Internet, o principal tipo de conexión é o ADSL, a pesar de ser inferior en Galicia que no conxunto de España, tal e como se pode ver na seguinte táboa. A opción da conexión móbil, en cambio, é considerablemente superior na comunidade galega.

Acceso a Internet das vivendas principais por forma de conexión. Ano 2014

	España (%)	Galicia (%)
Fogares con conexión de banda larga	99,6	99,7
Conexión de banda larga por ADSL	66,2	58,1
Conexión de banda larga por rede de cable ou fibra óptica	20,9	26,8
Outras conexións fixas de banda larga (vía satélite, WiFi público ou WiMax)	6,5	4,5
Conexión móbil de banda larga a través dun dispositivo de man (teléfono móbil de últimas xeracións -3G, iPod, etc.-)	67,2	73,9
Conexión móbil de banda larga vía módem USB ou tarxeta	7,0	8,4
Vivendas con conexión de banda estreita	2,2	2,8
Conexión de banda estreita por chamada telefónica a través da liña de teléfono convencional (módem) ou RDSI	0,7	1,1
Conexión móbil de banda estreita (outros teléfonos móbiles -GPRS-)	1,6	2,4

Fonte: INE. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares



Cómpre subliñar a utilización de Internet por 26,6 millóns de persoas en toda España durante o ano 2014, 1,6 millóns máis que no ano anterior. En particular, na comunidade galega superáronse o millón catro centos mil usuarios, case 70.000 usuarios máis que en 2013.

A busca de información sobre bens e servizos a través de Internet e o uso do correo electrónico son os produtos TIC máis utilizados na comunidade galega e no conxunto de España, seguidos da lectura e descarga de noticias, xornais e revistas de actualidade en liña. Neste último servizo, as e os galegos superan a media estatal en 10 puntos porcentuais, un 87,3% fronte a un 77,6%. Así mesmo, cada vez son máis as persoas que empregan os servizos da banca electrónica, a saber, un 50,5% dos usuarios galegos e un 49,1% do total de España (5 e 4 puntos porcentuais máis que en 2013, respectivamente).

**Utilización de produtos TIC polas persoas, segundo servizo. Comparativa España-Galicia.
Ano 2014**

	España	Galicia
<i>Servizos de comunicación e acceso á información</i>		
Recibir ou enviar correo electrónico	84	84,3
Telefonar a través de Internet ou videochamadas (vía webcam) a través de Internet	32	30,7
Participar en redes sociais	67,1	65,3
Ler ou descargar noticias, xornais ou revistas de actualidade online	77,6	87,3
Buscar información sobre bens e servizos	86,1	89,6
<i>Servizos relacionados co entretemento e a creatividade</i>		
Escoitar a radio emitida por Internet	36,8	33,8
Xogar ou descargar xogos, imaxes, películas ou música	52,3	56,2
Colgar contidos propios (texto, fotos, música, vídeos, software, etc.) nunha páxina web para ser compartidos	46,1	43,8
Crear páxinas web ou blogs	10,3	11,1
<i>Outros servizos</i>		
Concertar unha cita cun médico a través dunha páxina web (dun hospital ou dun centro de saúde, etc.)	36,1	50
Utilizar servizos relacionados con viaxes e aloxamento	53	54,1
Vender bens ou servizos (venta directa, mediante poxas, etc.)	13,4	13,5
Banca electrónica	49,1	50,5


Fonte: INE. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

A idade é un indicador con influencia no uso dos produtos TIC. Isto vese claramente, por exemplo, no caso do teléfono móbil e da conexión a Internet, cun uso dun 100% na franxa de idade de entre 16 e 24 anos, mentres un 98,4% utilizou nalguna ocasión o ordenador. Tamén presentan índices de uso elevados (por riba do 94%) as persoas entre 25 e 44 anos, que son, ademais, as que máis mercan a través da rede.



Tras chegar en 2012 ao seu índice máximo, un 98%, un comportamento similar ao do conxunto do Estado, que nesta ocasión descende algo menos (un 1,4), o uso do ordenador entre o colectivo infantil (nenos entre 10 e 15 anos) baixa na comunidade galega a un 93,6%. En canto á disposición de teléfono móbil, no último quinquenio os nenos galegos están a superar a media estatal. Malia perdurar esta tendencia, en 2014 baixou en 2,5 puntos porcentuais respecto a 2013. Agora ben, Galicia é a segunda comunidade autónoma despois do País Vasco na que máis nenos dispoñen deste dispositivo. Aínda por riba, o uso de Internet polos nenos é superior en Galicia que no conxunto estatal, tal e como se observa no cadro.

**Porcentaxe de menores de entre 10 e 15 anos que usaron TIC nos últimos 3 meses de 2014.
Comparativa España-Galicia.**



Fonte: INE. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

O manexo dos produtos TIC en Galicia é moi similar entre homes e mulleres. Iso si, constátanse pequenas diferenzas, como que eles mercan online algo máis ca elas e estas usan Internet algo máis ca eles. En cambio, o comportamento no conxunto estatal varía lixeiramente respecto á comunidade galega, como se pode observar a continuación na táboa. O máis salientable sería a disimilitude entre ambos os sexos á hora de comprar a través da rede, máis de 5 puntos porcentuais no total de España, o dobre que na comunidade galega.

Uso de produtos TIC nos últimos 3 meses, segundo sexo. Comparativa España-Galicia. Ano 2014.

	Homes		Mulleres	
	España	Galicia	España	Galicia
Usaron o ordenador	75,4	68,1	71,3	68,6
Utilizaron Internet	77,9	68,2	74,5	70,4
Mercaron a través de Internet	30,1	27,3	25	24,6
Empregaron teléfono móbil	94,7	93,3	95,3	92,5



Fonte: INE. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

Na seguinte táboa amósase o uso do comercio electrónico para fins privados no fogar, concretamente na compra de produtos culturais (música, películas, libros ou revistas, entradas para espectáculos e material informático e tecnolóxico). Por unha banda, a compra en liña deste tipo de produtos continúa a medrar tanto na comunidade galega como no total España, cun aumento dos usuarios galegos dun 18,3%. Por outra banda, a merca de entradas para concertos ou espectáculos é o uso máis frecuente en Galicia e no conxunto estatal, un 36,8% e un 42%, respectivamente. Non obstante, na comunidade galega descendeu 2,1 puntos porcentuais no último ano de estudo, mentres no total de España aumentou 5 puntos. Outros produtos tamén moi demandados (por riba do 20%) son os equipamentos electrónicos e informáticos, libros (incluídos os electrónicos), revistas e xornais. Aínda así, en xeral, na comunidade galega baixou a adquisición de produtos culturais a través de Internet en 2014, a excepción dos xogos de ordenador, vídeo consolas, software de ordenador e actualizacións, e moi lixeiramente a compra de material formativo online. Chama a atención a caída en Galicia da adquisición de películas e música, que pasa dun 23,3% en 2013 a un 16,4% en 2014; ora ben, segue a situarse por riba do total de España.

Uso de comercio electrónico con fins privados ou para o fogar nos últimos 12 meses por tipo de produto


	2013		2014	
	España	Galicia	España	Galicia
Total de persoas que compraron por Internet nos últimos 12 meses	11.035.265	579.045	12.897.314	709.101
Entradas para espectáculos (cine, teatros, concertos...)	37	38,9	42	36,8
Equipamento electrónico (por exemplo, cámaras fotográficas)	20	28,2	21,8	25,2
Equipo informático (ordenadores e accesorios)	19	25,3	21,6	22,7
Libros, revistas, periódicos (inclúe libros electrónicos)	21	31,5	22,2	22,2
Xogos de ordenador, videoconsolas, software de ordenador e actualizacións	11	18,9	17,4	19,2
Películas, música	13	23,3	13,9	16,4
Material formativo online	9,2	14,3	11,8	15
Servizos de telecomunicacións (contratos de banda ancha, liñas telefónicas ou TV, recarga de tarxetas prepago, etc.)	14	18,3	14,7	13,9

Fonte: INE. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

Entre 2012 e 2014, aumentou en Galicia o uso do comercio electrónico con fins privados para comprar produtos culturais en case 150 mil persoas. O número de usuarios é de 709.101. Na seguinte gráfica recóllese a evolución destes tres últimos anos segundo o produto.



Evolución do uso do comercio electrónico en Galicia, con fins privados ou para o fogar, por tipo de produto nos últimos tres anos



Fonte: INE. Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y Comunicación en los Hogares

Navegantes na rede

A enquisa Navegantes en la Red da AIMC proporciona datos sobre os usos de Internet e das redes sociais. Neste informe analízanse algúns dos datos máis salientables da enquisa de 2014.

O 77,1% dos internautas galegos acceden a algunha rede social de Internet cunha frecuencia diaria, ocupando deste xeito o segundo lugar nesta práctica en relación co resto das comunidades autónomas, case tres puntos porcentuais por riba da media estatal e só superados polos estremeños. Pola contra, na cola sitúanse Murcia (69,5%), País Vasco (72%) e Navarra (72%). Tan só un 6,5% dos internautas non acceden nunca a este tipo de redes en Galicia, 2 puntos porcentuais menos ca no ano anterior e 0,3 menos ca no resto de España.



P. Sen contar o día de hoxe cando foi a última vez que accedeu a unha rede social de Internet? (%)

	Onte	Últimos 7 días	Últimos 30 días	Último ano	Hai máis tempo/Nunca	Ns/Nc
Total España	74,5	11,7	4,3	2,6	6,8	0,1
Andalucía	74,4	11,7	4,7	2,8	6,2	0,2
Aragón	72,9	13,8	4,6	2,6	5,6	0,5
Asturias	72,4	10,9	4,4	3,9	8,3	0,0
Baleares	76,4	9,5	2,0	2,6	9,5	0,0
Canarias	74,8	12,1	3,8	2,2	6,9	0,3
Cantabria	74,9	10,3	3,4	3,4	7,4	0,6
Castela e León	74,4	11,7	3,8	2,8	7,4	0,0
Castela-A Mancha	72,4	12,1	4,6	2,9	8,0	0,0
Cataluña	76,2	12,1	4,0	1,9	5,7	0,0
Comunidade Valenciana	74,3	11,3	4,5	2,6	7,1	0,1
Estremadura	77,5	11,4	3,5	2,3	5,0	0,3
Galicia	77,1	10,7	3,7	2,0	6,5	0,0
Madrid	73,1	12,1	4,7	3,0	6,9	0,2
Murcia	69,5	16,3	5,1	1,4	7,7	0,0
Navarra	72,0	8,6	5,2	3,9	9,9	0,4
País Vasco	72,0	10,2	5,1	3,8	8,8	0,1
A Rioxa	75,2	5,6	4,0	3,2	12,0	0,0
Ceuta e Melilla	75,9	6,9	6,9	3,4	6,9	0,0
Ns/Nc	75,0	12,5	12,5	0,0	0,0	0,0

Fonte: AIMC. Navegantes en la red

As redes sociais máis utilizadas polos internautas, tanto en Galicia coma no conxunto de España, son Facebook, Twitter, Google+, LinkedIn, Instagram e Tuenti. Segundo estes datos Galicia é, proporcionalmente, a comunidade con máis usuarios de Facebook de todo o Estado, xa que un 90,2% dos internautas galegos están subscritos a esta, 1,4 puntos porcentuais por riba da media do Estado. A seguinte táboa mostra o uso das diferentes redes sociais mediante unha comparación.

Redes sociais máis utilizadas en 2014. Comparativa España-Galicia (%)

Redes sociais	Galicia	Redes sociais	España
Facebook	90,2	Facebook	88,8
Twitter	47,4	Twitter	47,1
Google +	36,1	Google +	37,0
Instagram	27,6	LinkedIn	29,6



DOCUMENTOS
DE TRABALLO


OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

LinkedIn	24,4	Instagram	26,5
Pinterest	9,4	Pinterest	8,5
Flickr	8,2	Flickr	7,1
Tumblr	5,3	Tumblr	5,3
Tuenti	4,8	Badoo	5,1
Foursquare	3,9	Tuenti	4,8
Otras	3,7	Otras	4,1
IRC Hispano/ChatHispano	3,5	IRC Hispano/ChatHispano	3,4
Badoo	3,3	Foursquare	3,2
Xing	1,4	Xing	1,2
Ns/Nc	0,7	Ns/Nc	1,2
Hi5	0,4	Hi5	0,7
Fotolog	0,2	Sónico	0,5
Habbo	0,2	Habbo	0,5
Sonico	0,1	Fotolog	0,4
Netlog	0,1	Netlog	0,4

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

O manexo das redes sociais polas e polos navegantes galegos é moi similar ao do total de España. Un 77,9% utilízanas como un xeito máis de comunicación nas súas relacións de amizade, un 56,4% para estar informados sobre a actualidade e un 50,2% para manter a relación cos seus familiares. Na seguinte gráfica indícase a distribución da utilización das redes segundo o uso.

Principais usos das redes sociais en Galicia, 2014



Fonte: AIMC. Navegantes en la Red



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Cada ano son máis os navegantes galegos que soben contidos á web, sobre todo comentarios, opinións e textos (un 46,3%, 5 puntos por riba da media estatal). A publicación de fotos ocupa a segunda posición (41,6%). O único contido que descende na web é a difusión de música (7,5%), un comportamento moi similar ao total de España, tal e como se plasma na seguinte táboa.


P. Nos últimos 30 días, subiu vostede contidos á web a nivel persoal?

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	
Galicia	Fotos	32,1	39,7	34,7	35,6	38,4	41,6
	Vídeos	8,4	11,3	10,4	8,0	8,5	10,6
	Comentarios, opinións ou outros textos	18,8	28,9	37,6	38,8	42,4	46,3
	Música	5,8	6,1	7,3	6,5	8,8	7,5
España	Fotos	32,2	38,6	36,6	37,3	41,1	41,5
	Vídeos	9,0	11,7	12,6	9,7	11,1	11,2
	Comentarios, opinións ou outros textos	20,4	26,3	39,1	39,3	41,2	43,0
	Música	5,7	6,9	8,2	6,8	9,9	6,2

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

Un 86,2% dos internatutas galegos accedeu a algún tipo de blog mensualmente en 2014. Desta porcentaxe, o 57,5%% fíxoos con carácter profesional. Na seguinte gráfica sinálanse uns datos similares entre Galicia e España.

P. Durante os últimos 30 días accedeu a algún tipo de blog?



Fonte: AIMC. Navegantes en la Red



O interese polos blogs é cada vez maior. Ao observar a evolución dos datos galegos nos últimos dous anos con respecto á media estatal, conséctase un aumento de 19 puntos en Galicia (67,1% fronte a 86,2%) e de 15 puntos no conxunto do Estado (68,3% fronte a 83,4%). Na seguinte táboa detállanse estes datos.

P. Durante os últimos 30 días accedeu a algún tipo de blog?

	Galicia		España	
	2013	2014	2013	2014
Non	32,7	30,3	30,2	32,4
Si, de carácter profesional	27,6	36,6	28,1	36,8
Si, doutro tipo	39,5	49,6	40,2	46,6
NS/NC	0,2	0	1,5	0,2

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

No que se refire ás páxinas web máis visitadas polas e polos navegantes galegos, encabezan a lista Facebook e Google. A continuación, recóllense as dez primeiras tanto en Galicia como no conxunto de España.

Páxinas web máis visitadas polos internautas en 2014 (%)

Webs	España	Webs	Galicia
www.google.es	35,6	www.facebook.com	34,3
www.facebook.com	31,2	www.google.es	32,1
www.elpais.com	13,2	www.lavozdeg Galicia.es	22,8
www.marca.es	11,8	www.marca.es	14,8
www.youtube.com	11,4	www.mundo-r.com	13,3
www.live.com	10,9	www.elpais.com	12,5
www.elmundo.es	10,8	www.twitter.com	9,8
www.twitter.com	8,6	www.live.com	9,5
www.loteriasyapuestas.es	6,2	www.youtube.com	9,3
www.as.es	5,7	www.farodevigo.es	6,7

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

Destas dez páxinas, no apartado de Galicia, tres son galegas: Voz de Galicia, Mundo-r e Faro de Vigo, que ocupan o terceiro, quinto e décimo lugar respectivamente nas preferencias dos visitantes galegos. É moi salientable a porcentaxe de visitas do sitio web de La Voz de Galicia, cun 22,8%, que, como se mencionaba, é a terceira elixida pola cidadanía galega a unha distancia de máis de 10 puntos porcentuais doutras páxinas con grande aceptación a nivel nacional, como El País, que ocupa a terceira posición no conxunto estatal. Se tivéssemos en conta só as páxinas web galegas, as sete máis visitadas conformarían esta táboa.

Páxinas webs galegas máis visitadas polos internautas galegos

www.lavozdeg Galicia.es	22,8
www.mundo-r.com	13,3



DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

www.farodevigo.es	6,7
www.meteogalicia.es	4,2
www.xunta.es	3,4
www.abanca.es	2,1
www.zara.com	1,2

Fonte: AIMC. Navegantes en la red

No que atinxe ao servizo de mensaxaría, o WhatsApp segue a ser o servizo preferido polos galegos, cun 92,4% de usuarios, o que supón un aumento respecto ao ano anterior de 6,8 puntos porcentuais; seguido de Facebook Messenger/Chat, que se mantén cun 55,2% de uso, e do Skype, que subiu en case 2 puntos. Chama a atención a baixada de 7,5 puntos de Line. Deseguido, no cadro inclúese a evolución dos últimos dous anos.

Servizos de mensaxaría máis utilizados 2013- 2014

Servizo de mensaxaría	2013	2014
WhatsApp	85,6	92,4
Facebook Messenger/Facebook Chat	54,8	55,2
Skype	34,3	36
Line	30,8	23,3
Google Talk / Hangouts	21,9	22

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

Na primeira parte deste documento de traballo xa se abordaron os servizos máis utilizados polos internautas mediante a utilización das TICS, a partir dos datos da enquisa sobre equipamentos e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares elaborada polo INE. A AIMC, a través da enquisa realizada a navegantes na rede, subministra información ampla sobre todas as actividades de preferencia dos usuarios de Internet. Como se mostra na táboa, tanto en Galicia como no total España, as cinco principais son: ler noticias de actualidade, visualizar vídeos online, consultar previsións meteorolóxicas e mapas e escoitar música.

Actividades realizadas a través de Internet nos últimos 30 días en 2014. Comparativa España-Galicia (%)

	Galicia	España
Ler noticias de actualidade	91,4	89,1
Visualizar vídeos online (tipo Youtube)	86,9	84,6
Consultar previsións meteorolóxicas	84	74,2
Consultar mapas/rueiros	75,6	76,5
Escoitar música online (sen descargar)	55,7	56,9
Consultar carteleiras de cine/espectáculos	47,6	50
Ver emisións de cadeas de TV na súa web	47,5	48,2
Realizar xestións coa Administración	45,9	40,4
Descargar software	44,4	40,7

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

DOCUMENTOS
DE TRABALLOOBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

Ver películas/series online (sen descargar)	44,3	44,4
Buscar información sobre temas de saúde	41,6	41,3
Buscar cursos, másters, formación	36	34,9
Consultar información financeira	36	36,3
Descargar películas/series/documentais	35,7	33,1
Opinar sobre temas económicos/políticos	30,4	21
"Asinar" peticións para reivindicar algo	30,4	27,8
Xogar en rede	27,6	25,6
Buscar emprego	26,6	28,6
Descargar música	26	25,5
Realizar unha enquisa	25,7	26,1
Visitar páxinas web para "adultos"	25,7	29,4
Descargar libros electrónicos	23,7	24,3
Realizar unha videoconferencia/videochamada	20,9	23,2
Buscar vivenda (compra, alugamento...)	19	18,5
Recibir información/noticias con RSS	17,2	17,3
Descargar programa de radio para oír despois	17,1	17,2
Descargar emisións de TV para ver despois	17,1	15,1
Facer apostas (deportivas, casinos, lotarías...)	15,8	20,6
Adquirir cupóns de desconto	13,6	17,3
Consultar información sobre tráfico	12,9	15,4
Acceder con visor a xornal/revista	11,9	11,9
Buscar parella/citas	3,8	7,3

Fonte: AIMC. Navegantes en la Red

Conclusiones

O uso do ordenador e de Internet medra no conxunto de España e de Galicia. Así mesmo, destaca o aumento do uso do comercio electrónico. Un 72% dos fogares galegos contan con algún tipo de ordenador e un 69% ten conexión a Internet. O lector de libros electrónicos é un equipamento en alza, cun incremento do 70% de fogares galegos que dispoñen dun respecto ao ano anterior

A busca de información sobre bens e servizos a través de Internet e o uso do correo electrónico son os produtos TIC máis utilizados, seguidos da lectura e descarga de noticias, xornais e revistas de actualidade en liña.

O emprego de Internet está moi influído pola idade, que vai dende máis do 100% no caso dos mozos a apenas un 25% nos maiores de 65 anos.

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

DOCUMENTOS
DE TRABALLO

OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

O uso do móbil entre os menores de entre 10 e 15 anos ten maior incidencia en Galicia que no conxunto de España, sendo esta comunidade autónoma a segunda onde máis nenos dispoñen deste dispositivo.

Os produtos culturais máis adquiridos no ámbito do comercio electrónico son as entradas para concertos e espectáculos, os equipamentos electrónicos e os libros e revistas.

O 77,1% dos internautas galegos acceden a algunha rede social de Internet cunha frecuencia diaria; Galicia ocupa, así, o segundo lugar con respecto ao resto das comunidades autónomas.

Cada ano son máis os navegantes galegos que soben contidos á web, sobre todo comentarios, opinións e textos (46%), 5 puntos por riba da media estatal. A publicación de fotos ocupa a segunda posición (41%). O único contido que descende na web é difusión de música (7,5%),

WhatsApp segue a ser o servizo preferido polos galegos, cun 92% de usuarios, o que supón un aumento respecto ao ano anterior, noutros termos, de 6,8 puntos porcentuais, seguido de Facebook Messenger/Chat, que se mantén cun 55%.

Das dez páxinas webs máis visitadas polos galegos, tres son galegas.

Tanto en Galicia como no total España as cinco actividades principais dos internautas son: ler noticias de actualidade, visualizar vídeos online, consultar previsións meteorolóxicas e mapas e escoitar música.



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA